



Escola Obradoiro "Xardín Histórico"

OS OBXECTIVOS

O obxectivo xeral da *Escola Obradoiro "Xardín Histórico"* foi a formación, durante 18 meses (rematou en decembro de 2000), de 60 rapaces e rapazas de entre 16 e 25 anos, de cara á súa capacitación profesional para o desenvolvemento de actividades de recuperación do Patrimonio Histórico da cidade de Vigo, concretamente do *Xardín Histórico do Parque de "Quiñones de León"*, considerado como *Ben de Interese Cultural* e exemplo da xardinería paguega de Galicia.

OS E AS PARTICIPANTES

Aínda que en cada unha das fases a escola tiña como número máximo de alumnado 60 persoas (15 por cada módulo formativo), debido ás características individuais, familiares e sociais dos/as participantes, houbo algúns/as que non remataron o proceso formativo iniciado, pasando pola escola, en total, 82 rapaces e rapazas.



Os/as participantes nesta escola foron na súa maioría homes entre 20 e 24 anos, en situación de desemprego, nalgúns casos sen completar satisfactoriamente os seus estudos regrados, sen experiencia laboral previa.



AS ESPECIALIDADES

As especialidades desenvolvidas nesta escola foron: **Cantería, Carpintería, Albanelería e Xardinería.**

A OBRA

As **actuacións** concretas realizadas ao abeiro desta escola-obradoiro consistiron en:

- Rehabilitación da Solaina de Concepción Arenal.
- Praza das Magnolias:
 - Rehabilitación de escaleiras.
 - Formación parterre.
 - Revisión das canalizacións de auga e arquetas.
 - Traslado do cruceiro á zona de bosque.
- Praza das Camelias:
 - Construcción dunha ponte levadiza.
 - Formación parterres camelias.
- Bosque dos Xardíns:
 - Sendeiros.
 - Glorietas e zonas de estar.
 - Paseos.
 - Canais.
- Estanque dos Parrulos:
 - Realización e colocación dunha nova varanda en madeira de acacia.
 - Realización e colocación dunha nova cancela no acceso á maqueta do pazo, no estanque.
- Retranqueo das Camelias na zona de "As roseiras".
- Elaboración de mobiliario de xardín.